



Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago, o concelleiro que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

Hai menos de cinco anos, a finais de 2010, a Xunta de Goberno Local, daquela conformada polo PSOE e BNG, adxudicou -por 79.000 euros máis I.V.E- o contrato para a elaboración dun Plan de Mobilidade Urbana Sostible, plan cuxa elaboración -que incluíu fórmulas participativas- se pechou no primeiros meses de 2011. En xuño de 2012, a Xunta de Goberno decidiu aprobar o referido documento, que incluía un cronograma de medidas a desenvolver no futuro. Agora, o actual Goberno municipal vén de anunciar a elaboración dun novo Plan de Mobilidade, cuxa elaboración suporá un importante desembolso de fondos públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular pregunta o seguinte:

¿Por que o Goberno municipal renuncia a desenvolver as medidas contempladas no Plan de Mobilidade vixente e prefire contratar a elaboración dun novo plan, ou -expresada a pregunta doutra maneira- que medidas, obxectivos ou aspectos do Plan -elaborado durante o mandato do goberno de coalición PSOE/BNG- non convencen ao novo goberno?

Santiago, a 28 de setembro de 2015

Alejandro S Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

